

Arbitraxe Campionatos Galegos Lóstrego e Rápidas 2022

A Federación Galega de Xadrez abre o prazo de solicitudes para actuar como árbitro no VII Campionato Galego de xadrez Lóstrego e no XI Campionato Galego xadrez Rápido, que se celebrarán no Hotel Scala de Padrón (A Coruña) o 07 e 08 de Maio de 2022 (respectivamente).

PRAZAS OFERTADAS

Un árbitro principal e un árbitro adxunto para os dous campionatos.

CATEGORÍAS	HONORARIOS
VII Campionato Galego xadrez Lóstrego (07 Maio 2022) e	Arbitro Principal: 200 euros (*)
XI Campionato Galego xadrez Rápido (08 Maio 2022)	Árbitro Adxunto: 110 euros (*)

(*).-Os honorarios estarán suxeitos á retención correspondente.

(*).- Máis gastos de desprazamento xustificados.

Titulación requirida:

- Para árbitro Principal: Árbitro Autonómico ou superior, xa que os torneos son valedeiros para elo Fide.
- Para árbitro Adxunto: Árbitro Autonómico de Base ou superior.

O prazo de solicitude permanecerá aberto ata o **Mércores, 27 de Abril de 2022 (incluído)**.

As solicitudes deberán facerse a través da Federación Galega de Xadrez por escrito ou ben por mail (fegaxa@fegaxa.org), a onde tamén se poderá dirixir para ampliar información.

Para poder solicitar o arbitraxe hai que ter abonada a licenza correspondente ([Circular FEGAXA01/2022](#)).

Parte das funcións que terán os árbitros seleccionados será: axudar á organización na supervisión da montaxe da sala de xogo, supervisar taboleiros, axustar reloxos, confeccionar listaxes e que haxa todo o material necesario para que a sala de xogo estea en perfectas condicións antes do inicio da primeira rolda.

